

GUÍA DOCENTE DE **COMPOSICIÓN E ARRANXOS I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: COMPOSICIÓN E ARRANXOS I-IV										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Jazz	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					3	3	3	3	Observacións:	
									1'5h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Principios e requisitos teórico-prácticos relativos á escritura musical de creacións propias do alumnado, sobre os diferentes patróns estéticos e estilísticos do jazz. Dende os principios formais e estruturais dos referentes clásicos do itinerario da especialidade e da evolución histórica de seu ata a creación contemporánea e de libre elección, desenvolvendo unha metodoloxía evolutiva partindo da creación do guiño base ata a orquestración clásica e contemporánea do jazz. Dotar ao alumnado dunha autocrítica construtiva en todas as tarefas relativas á creación en xeral, en traballos individuais de cara ao pensamento colectivo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Harmonía, Análise e Historia do Jazz os acadados nos cursos anteriores en toda as materias relacionadas co itinerario de jazz e os correspondentes requiridos na proba de acceso
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Está directamente relacionada coas disciplinas de Conxunto e Orquestra e transversalmente vinculada ás disciplinas de Análise de jazz, Harmonía de jazz, T. e P. da Improvisación, e Historia do Jazz.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 T2 T3 T4 T8T11 T12
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI7.
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adquirir un coñecemento teórico sobre a instrumentación e sobre as técnicas de composición aplicadas ós estilos do Jazz.	T1 T2 T3 T4, T8T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22, EI2, EI7.
Crear composicións orixinais escritas nos formatos de guía de composición melódica, guía de composición orquestral e partitura orquestral ou score, demostrando un coñecemento detallado e aplicado sobre as formas, estruturas, estilos, referencias para solos, solis, tuti orquestral, vamps, coda, casillas, etc, dentro dos estilos do jazz, indicados no punto 3.1 dos obxectivos.	T1 T2 T3 T4 T8 T11 T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20 X22, EI2, EI7.
Adquirir un coñecemento teórico sobre as técnicas de arranxos de jazz a dúas, tres, catro e cinco voces, segundo metodoloxías seleccionadas e cumprimentadas.	T1 T2 T3 T4 T8 T11 T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20 X22, EI2, EI7.
4. CONTIDOS	
Instrumentación da orquestra de jazz.	
Estudo das composicións modelo da primeira e segunda época do jazz.	



A composición orixinal segundo os modelos estudados.
Técnicas de composición no Jazz.
Estudo teórico/práctico das técnicas de arranxos a dúas, tres, catro e cinco voces.
Escritura de arranxos a 2, 3, 4 e 5 voces.
A composición orquestral no Jazz. Exposición teórica.
Composición orixinal para big band.
A Composición de libre elección.
Guía de composición orquestral e partitura orquestral ou score.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Os métodos pedagóxicos adaptaranse ás características dos alumnos favorecendo un ensino personalizado, promovendo a creatividade e o dinamismo, e fomentando a motivación O fin último é lograr a independencia do alumnado polo desenvolvemento da personalidade e do criterio artístico. Partirase dos coñecementos previos e cadados con anterioridade, baseándose na aprendizaxe significativa e progresiva. Buscarase a relación coa práctica cotiá dos alumnos/as.		
Exposición práctico-teórica	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Estudo individual	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Pescuda de información	Non presencial	Esporádica
Seminarios e masterclass	Presencial	Esporádica
Audicións e asistencia a concertos	Presencial	Esporádica
Titorías	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Actividades de avaliación Proba Revisión	Presencial Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua.

O/A alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua, o/a alumno/a acollerase ao disposto no apartado da avaliación alternativa que figure na programación docente da disciplina.

No caso dos/das alumnos/as que non perdan a avaliación continua, valorarase a asistencia ás clases, o seu aproveitamento e evolución, as destrezas acadadas, o nivel de comprensión dos contidos teóricos e prácticos, a produción creativa e a actitude na aula e no traballo diario.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación, competencias avaliadas, e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*